**Confederación Intersindical Galega**
BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

***CONVENIO DA BANCA PRIVADA***
*Comunicado nº 7*

# A patronal responde... á baixa

Na reunión do día 26 de abril da mesa negociadora do Convenio Colectivo, e despois de lembrar que as reivindicacións sindicais implicaban un encarecemento dos custes nun 35%, a patronal fixo unha proposta na mesma liña dos anteriores acordos.

## Proposta da AEB

**Duración**: 4 anos.

**Salarios**: Suba dun 2,5% para 2007. Resto dos anos un 2% con cláusula de revisión "atenuada".

**Dispoñibilidade do salario**: Que o salario poda ser dispoñible voluntariamente para cobralo en especies "comprando" servizos que oferte o Banco.

**Axuda alimentaria**: Incrementar ata o mínimo legal.

**Bolsa vacacións**: Ponderación media, independentemente da data de disfrute.

**Crédito vivenda**: Incrementar o mínimo establecido ata os 90.000 euros.

**Mobilidade xeográfica**: Incrementar ata os 30 quilómetros ampliando tamén o seu posible uso.

**Lei de Igualdade**: Aplicación no sector cunhas pequenas pinceladas.

## Resposta da CIG

Esta proposta da AEB está moi lonxe das reivindicacións dos traballadores e traballadoras do sector, seguen sen aportar solucións aos problemas actuais e sen introducir medidas que nos permitan participar da boa marcha das empresas.

**Salarios**: Garante unha nova perda de poder adquisitivo para os vindeiros 4 anos, que non pode ser xustificada pola situación das empresas.

**Mobilidade xeográfica**: Desregulariza totalmente a mobilidade xeográfica ampliando tamén o límite ata os 30 quilómetros. Punto especialmente lesivo na Galiza debido a orografía do país e a dispersión da poboación e polo tanto da rede de oficinas.

**Bolsa de vacacións**: Estamos ante un recorte inxustificado na bolsa de vacacións.

**Crédito vivenda:** O incremento do mínimo ata os 90.000 euros é claramente insuficiente, somos conscientes que esta cantidade non permite acceder a unha vivenda en ningunha das cidades do país pero tampouco no rural.

**Lei de Igualdade e Axuda alimentaria:** Ofertan pouco máis do obrigado cumprimento da lei.

A próxima reunión quedou fixada para o 18 de maio.

Galiza, 26 de abril de 2007